

A REFORMA AGRARIA LIBERAL: AS DESAMORTIZACIONES



- **No Antigo Réxime:** Economía agraria.
 - Agricultura de subsistencia (trebellos tradicionais, barbeito...) Producción escasa e oscilante + moita man de obra.
 - Maioría do campesiñado traballa as terras dos señores (laicos ou eclesiásticos) a cambio de censos e prestacións persoais.
 - Propiedade da terra en mans da nobreza e do clero (rendistas). Propiedade amortizada ou vinculada (non se pode vender nin dividir), en “mans mortas”. Exentas do pago de impostos.



- **Liberalismo.** A propiedade é un dereito individual, privado e libre.



Reformas no réxime de propiedade (desvinculación, desamortización)

- A **desvinculación** das propiedades da nobreza, das Ordes Militares ou de reguengo non supuxo a expropiación senón a liberación para vender.
 - Abolición dos señoríos territoriais e xurisdiccionais (1811, 1820 e, definitivamente en 1837).

DECRETO DE ABOLICIÓN DE LOS SEÑORÍOS (6 de agosto de 1811)

“Deseando las Cortes generales y extraordinarias remover los obstáculos que hayan podido oponerse al buen régimen, aumento de población y prosperidad de la Monarquía española, decretan:

1 .Desde ahora quedan incorporados a la Nación todos los señoríos jurisdiccionales de cualquiera clase y condición que sean [...].

5. Los señoríos territoriales y solariegos quedan desde ahora en la clase de los demás derechos de propiedad particular, [...].”

- Supresión dos morgados (1841), norma medieval que impedía á nobreza vender as terras vinculadas, xa que estas tiñan que pasar integramente ó herdeiro do título.

- A **desamortización** afectou ás propiedades de “mans mortas” (clero) ou corporativas/colectivas (concellos) para convertelas en propiedades individuais, plenas e libres.
 - Proceso:
 - publicación da lei de desamortización,
 - expropiación polo Estado,
 - e venda en poxa pública a particulares.
 - Obxectivos:
 - reformar a estrutura da propiedade (reducir os latifundios e aumentar o número de propietarios agrarios),
 - superar a economía de subsistencia, xa que os novos propietarios deberían introducir melloras para incrementar os beneficios,
 - investir os beneficios agrarios noutros sectores económicos,
 - aumentar os ingresos do Estado e os adeptos ó liberalismo.

NO ANTIGO RÉXIME

NO LIBERALISMO

DESAMORTIZACIÓN

Método

Objetivos

PROPIEDAD INSTITUCIONAL

- Nobleza → • Mayorazgo, señorío
- Clero
- Estado → • Bienes propios y comunes

«Manos muertas»

- No tributan al Estado
- No se puede vender ni dividir

Desvinculación

Expropiación y nacionalización

Subasta pública

Venta a propietarios particulares

- Políticos → Crear una clase propietaria vinculada al liberalismo
- Sociales → Reformar la estructura de la propiedad
- Económicos → Fomentar la revolución agraria y la industrialización
- Fiscales → Aumentar los ingresos del Estado

PROPIEDAD PRIVADA


- Ciudadanos → • Propiedad particular

Total disponibilidad

- Tributan al Estado
- Se puede vender y dividir

DESAMORTIZACIONES

TIERRAS SEÑORIALES Y DE LA IGLESIA




Fuente: Elaborado a partir de J.S. PÉREZ GARZÓN: *Crisis del feudalismo y revolución burguesa*.

Proceso longo e descontinuo:

- Pola masa de bens afectados.
- Polos avances e retrocesos políticos (impulsado polos progresistas, paralizado polos moderados e rexeitado polos absolutistas).

Iniciado con Carlos III (bens dos xesuítas tras a expulsión da orde, 1767), **Godoy** (bens píos da Igrexa), **Xosé I** e as **Cortes de Cádiz** e no **Trienio Liberal**.

- Tiñan por obxectivo reducir a débeda pública.
- Escasos resultados —► (oposición da nobreza e do clero, situación de guerra e retorno ó Antigo Réxime).



REINADO DE ISABEL II (1833-1868)

Las Regencias

M^a Cristina

Espartero

Mayoría de edad de Isabel II

1832 1834 1836 1838 1840 1842 1844 1846 1848 1850 1852 1854 1856 1858 1860 1862 1864 1866 1868 1870 1872 1874 1876

Desamortización
de **Mendizábal**

**1^a Guerra
Carlista**

**Constitución
1837**

Desamortización
de **Madoz**

**2^a Guerra
Carlista**

**Constitución
1845**

Liberales moderados

Liberales progresistas

Gobiernos unionistas

DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL (1836)


- Afectou ós **bens do clero regular** (ás ordes masculinas que non realizasen labor social e logo ás femininas).
- As propiedades desamortizadas eran divididas en lotes de gran tamaño, taxadas e sacadas a poxa pública ó mellor ofertante.
- Compradores:
 - grandes terratenentes (aristócratas);
 - burguesía de negocios;
 - funcionarios, profesionais liberais, comerciantes...
- O campesiñado no puido adquirilas (alto custo das terras + poucos aforros)




ÁLVAREZ MENDIZÁBAL,
ministro progresista da
rexencia de María Cristina

- Estivo en vigor ata que foi substituída pola de Madoz (1855).
 - En **1837 decláranse bens expropiables os do clero secular**, pero a **súa venda non se realiza ata a rexencia de Espartero (1841)** e contará coa oposicións dos moderados, que a suspenden cando chegan ó poder (1844)
 - No Concordato de 1851 a Igrexa aceptou as desamortizacións a cambio de
 - o pago dos gastos do culto e do clero polo Estado,
 - a suspensión das vendas,
 - a devolución dos bens non vendidos
- Permitiu que o 62% dos bens da Igrexa fosen vendidos.

DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL



Producto de la venta (en millones de reales de vellón):



Fincas vendidas (en %):



- Obxectivos:
 - Reformar o réxime de propiedade (converter as terras en mans mortas en propiedade libre e individual).
 - Reducir a débeda pública.
 - Sufragar a guerra carlista e castigar ós seus partidarios (a Igrexa).
 - Gañar adeptos á causa isabelina e ó liberalismo.
 - Estimular a economía investindo e mellorando a agricultura e reinvestindo os beneficios noutros sectores (industria).

Doc. DECRETO DE DESAMORTIZACIÓN DE MENDIZÁBAL (Gaceta de Madrid, 21 de febreiro de 1836)

Señora: **Vender a masa de bens que xa son propiedade da nación** non é tan so cumprir unha promesa solemne e **dar** unha **garantía** positiva á **débeda nacional** (...); é abrir unha fonte abundantísima de felicidade pública; **vivificar unha riqueza morta; desobstruír os canles da industria e da circulación**; (...) ensanchar a patria, crear novos e firmes vínculos que liguen a ela; é, en fin, **identificar co trono** excelso de Isabel II, símbolo da orden e da liberdade. Non é, Señora, nin unha fría especulación mercantil, nin unha operación de crédito (...); é un elemento de animación, de vida e de ventura para España. (...) **O decreto** que vou ter a honra de someter á augusta aprobación da V.M. **sobre a venda de bens adquiridos xa pola nación** (...) **ha de producir o beneficio de minorar a forte suma da débeda pública**, é mester que na súa tendencia, no seu obxecto e aínda nos medios por onde aspire a aquel resultado, se encadeen, se funda na alta idea de **crear unha copiosa familia de propietarios** (...)

La desamortización de Mendizábal (1835)

Características

- Desamortización eclesiástica
- Importante por su volumen y rapidez
- Proceso irreversible

- Ruptura de relaciones con el Vaticano
- Vinculación de la Iglesia con el carlismo

Motivaciones


• Políticas

- Ganar la guerra carlista
- Atraerse a los beneficiarios (burguesía)

• Económicas

- Disminuir la Deuda Pública
- Implantar la propiedad privada

Consolidar el régimen liberal



Desvinculación tierras de la nobleza

- Supresión definitiva del mayorazgo
- Convertía los señoríos en propiedad privada

Desamortización civil

- Se autoriza a los Ayuntamientos la venta de los bienes propios

Desamortización eclesiástica

- Supresión de las órdenes religiosas (clero regular)
- Expropiación de bienes (clero regular, clero secular y órdenes militares)

Venta

Metálico

• Pago a plazos

Deuda Pública

Subasta pública

- Nobleza
- Burguesía

- Consecuencias:
 - **Incremento da recadación fiscal**, pero non se liquidou a débeda.
 - **Aumento da produción agraria** (máis extensión de terras cultivadas), **pero non da produtividade** (non se introduciron melloras técnicas)
 - **Mantemento do desequilibrio da estrutura da propiedade da terra**
 - Compraron os que xa tiñan propiedades (aristocracia) ou aforros (burguesía). Creouse unha **oligarquía agraria** afín ó liberalismo que axudou a asentar o réxime liberal.
 - O campesiñado non puido adquirir terras e empeorou a súa condición (perdeu o dereito a traballar as terras dos señores e converteuse en arrendatario ou xornaleiro).
 - Incrementou o **conflito coa Igrexa**, que rexeita o liberalismo.
 - **Perda de patrimonio** artístico e documental polo saqueo e abandono de moitos edificios da Igrexa.

DESAMORTIZACIÓN DE MADOZ (1855)

A **Lei Xeral de Desamortización** (1855) presentada por Madoz, ministro no Bienio Progresista, declara en venda os bens eclesiásticos aínda non vendidos e os bens civís en mans corporativas ou colectivas (comunais ou de propios dos concellos).



Bens declarados en estado de venda, e condicións xerais do seu alleamento


Art. 1. **Decláranse en estado de venda**, de acordo ás prescricións da presente lei, e sen prexuízo das cargas e servidumes a que lexitimamente estean suxeitos, **todos os predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes: ó Estado; ó clero; ás ordes militares de Santiago, Alcántara, Calatrava, Montesa e San Xoan de Xerusalén; ás confrarías, obras pías e santuarios; ó secuestro do ex Infante D. Carlos; ós propios e comúns dos pobos; á beneficencia; á instrución pública. E calquera outros pertencentes a mans mortas**, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores [...].

Art. 3. **Procederase ó alleamento** de todos e cada un dos bens mandados vender por esta lei, **sacando a pública licitación as fincas** (...), segundo o dispoña o Goberno; verificándose as vendas coa maior división posible das fincas, sempre que non prexudique ó seu valor [...].



Aranjuez, 1 de maio de 1855. Eu a Raíña. O Ministro de Facenda, Pascual Madoz.

- Obxectivos:
 - Sanear a Facenda.
 - Proporcionar terras en propiedade a emprendedores para modernizar o campo (maior produción).
 - Obter diñeiro para a financiamento do ferrocarril, transporte imprescindible para o desenvolvemento industrial e comercial do país.

LOS EFECTOS DEL FERROCARRIL SOBRE LA ECONOMIA



- Estivo vixente ata a ditadura de Primo de Ribera.
- Afectou a gran número de terras e xerou importantes ingresos.




Porcentaxe de bens rústicos e urbanos afectados pola desamortización de Madoz

- Consecuencias:
 - **Aumento das propiedades privadas** en mans da aristocracia e da burguesía. Os novos propietarios non investiron en melloras.
 - **Expropiación dos bens do clero secular** (1/3 dos bens vendidos)
 - **Perda de ingresos dos Concellos**, que sen os bens de propios non podían afrontar os gastos sociais ós que estaban obrigados e tiveron que gravar con impostos e recibir unha asignación da administración central.
 - **Empeoramento das condicións dos campesiños**, que, privados do uso das terras comunais e de propios, se converteron en xornaleiros (xornais escasos, arbitrarios e temporais), agravándose a cuestión social, sobre todo no sur.
 - **Aumento da superficie cultivada e cambios nos cultivos** (85% das terras dedicadas a cereais, vide e oliveira).

CONSECUENCIAS DAS DESAMORTIZACIÓNS


- **Reduciuse a débeda do Estado**, pero non se liquidou (en parte polo gasto sen control).

DOC.4 LAS DESAMORTIZACIONES ECLESIAÍSTICA Y CIVIL




LA HACIENDA ESPAÑOLA (1850-1900)

en millones de pesetas



- Enorme **trasfego de propiedades** (78% das terras desamortizadas foron en Castela-A Mancha, Andalucía, Extremadura, Madrid...)



- **Non mellorou a produtividade das terras.** Os novos propietarios non investiron en melloras técnicas, preferiron axustar as rendas e traballar as terras con xornaleiros.
- **Aumentou a superficie cultivada**, coa posta en cultivo das terras comunais e de propios dos concellos, **e por tanto a produción** (cereal, vide, oliveira).

		Superficie (miles ha)	Producción (miles quintales)	Rendimiento anual (en ha)	Producción por habitante (en kg)
TRIGO	1800	2 900	18,30	6,31	174
	1860	5 100	29,59	5,80	188
	1900	3 700	25,70	6,92	138
CEREALES	1800	6 100	39,50	51,54	371
	1860	9 000	55,75	6,47	355
	1900	7 000	51,54	6,20	336
		Superficie (miles ha)	Producción (miles hl)	Rendimiento anual (en ha)	Producción por habitante (en l)
VÍÑA	1800	400	3,85	9,62	36
	1860	1 200	10,30	9	68
	1900	1 450	21,60	14,88	116
ACEITE	1800	—	0,69	—	6
	1860	859	1,44	1,67	9
	1900	1 360	2,09	1,80	11

- **Desviou capitais que poderían terse investido na industria.**

- **Consolidou o latifundismo**, sobre todo no sur. Non supuxo un cambio na estrutura da propiedade: aumentou o número e tamaño das grandes propiedades.
- Boa parte do **campesiñado non accedeu á propiedade da terra e empeorou as condicións de vida** (consideración liberal do traballo como unha mercadoría, perda do uso das terras comunais e de propios dos concellos, incremento das rendas...).
- **Aumentaron os xornaleiros.**




Malestar social, revoltas e expansión do anarquismo e do socialismo.



- **Aumento dos apoios ó liberalismo moderado entre a nobreza**, pero **perda dos do campesiñado**, que se achega ó anarquismo e ó socialismo.
- **Perda do poder económico da Igrexa** (3/5 partes das súas propiedades foron desamortizadas, supresión do décimo), compensado ó asumir o Estado os gasto do culto e do clero, aínda que **mantivo a súa enorme influencia**. Nun principio, a Igrexa opúxose ó liberalismo, pero tras a firma do Concordato (1851) aviuse co liberalismo moderado (o Estado financiaba á Igrexa e esta lexitimaba o sistema político).
- **Perda da autonomía financeira dos concellos**, que tiveron que crear impostos e recorrer ós recursos aportados polo goberno do Estado.
- **Modificación das cidades**: os terreos desamortizados permitiron corrixir e ampliar os espazos urbanos (rúas, prazas), levantar vivendas e novos barrios (ensanches), reutilizar edificios e construír novos (teatros, centros de ensino, concellos...).
- **Perda de patrimonio cultural** (edificios, esculturas, pinturas, libros...)

. Los efectos de la reforma agraria. El aumento de la producción. Una transformación insuficiente



VALORACIÓN DOS HISTORIADORES

- Todos coinciden en que foi a **gran medida da reforma agraria do XIX**.
- **Valoran positivamente os resultados económicos:** ingresos para a Facenda, diminución da débeda pública, financiamento da guerra contra o carlismo e da construción do ferrocarril... **Aínda que consideran que podería terse recadado máis e xestionado mellor estes ingresos.**
- Discrepan nos resultados sociais e políticos, pero coinciden en que
 - **Non aumentou** de forma considerable **o número de medianos e pequenos propietarios** (que carecían de aforros para afrontar o pago duns lotes de terra demasiado grandes e custosos).
 - **A desamortización civil prexudicou ós campesiños pobres**, privándoos do uso das terras comunais e de propios.
 - **Incrementou o tamaño das propiedades agrarias da nobreza, da burguesía e dos campesiños ricos.**

Doc. Tomás y Valiente (xurista e historiador) valora a desamortización.

“En suma: que a desamortización municipal se cadra non debeu facerse e que a de bens eclesiásticos e outras ‘mans mortas’ non debeu facerse como se fixo. Pero toda a burguesía, mesmo a de esquerdas, quixo desamortizar, e por conseguinte a desamortización foi un feito consumado (...)

Tamén considero innegable que o sistema desamortizador preferible en función do logro duns beneficios xerais, non debeu ser a de Mendizábal e Madoz (isto é, o do partido progresista), senón o aconsellado no seu día por Flórez Estrada (...). Este era o único capaz de facilitar a creación dunha clase media rural de pequenos propietarios, coa que se estabilizaría no noso país o réxime liberal, e se enchería o baleiro entre o latifundista e o braceiro”

Doc. Valoración do historiador J. Fontana da desamortización


“Para que serviu a desamortización? Desde o punto de vista do goberno a resposta é relativamente sinxela. Na etapa de Mendizábal, para salvalo da bancarrota e axudarlle a gañar a guerra civil. Na da chamada lei Madoz, para financiar a construción da rede ferroviaria. Penso que a medida exacta en que estas vendas redundaron en proveito do Estado non debe minimizarse”

A DESAMORTIZACIÓN EN GALICIA

SITUACIÓN ANTES DA DESAMORTIZACIÓN: O FORO

- **A terra era propiedade da alta nobreza e sobre todo da Igrexa.**
- **O campesiñado traballaba terras alleas** a cambio de rendas e obrigas persoais.
- O **foro**, de orixe medieval, era o contrato dominante que vincula ós donos da terra e ós campesiños.
 - O foreiro pagaba rendas en especie (1/4 ou 1/3 da colleita) e asumía obrigas persoais (días de traballo na reserva señorial, mantemento de servizos...)
 - O propietario non podía modificar as condicións do contrato ata que se extingue.

- Ó longo da Idade Moderna
 - A **fidalgúia** (baixa nobreza) fixo de **intermediaria** entre os propietarios da terra e o campesiñado foreiro a cambio de quedarse cunha parte das rendas ($\pm 60\%$). Deste modo aumentaron os seus ingresos (rendas do seu patrimonio + rendas do subforo), gañaron peso social e ocuparon cargos nos concellos.
 - Os foreiros conseguiron prolongar os contratos a tres xeracións e a finais do XVIII a perpetuidade e poder vender o contrato (sempre que o novo comprador asumise as condicións).



DESAMORTIZACIÓN

- Non **supuxo** grandes modificacións na estrutura da propiedade da terra, so **cambios na percepción das rendas agrarias**.
 - Os compradores das terras desamortizadas (fidalguía e burguesía) **obtiveron o dominio directo**, e por tanto o cobro íntegro das rendas, pero non podían expulsar ós foreiros das terras, nin cambiar as condicións do contrato, nin unir explotacións.
 - Os campesiños **foreiros mantiveron o dominio útil** (dereito a traballar as terras e a transmitilo en herdanza a perpetuidade, dereito a vendelo...) pero a cambio do pago de rendas (foro).

- Conflito entre:
 - Os donos do dominio directo (fidalguía, burguesía), que aspiran a ser plenos propietarios para poder expulsar ós foreiros e arrendar as terras en mellores condicións.
 - Os foreiros, que tamén pretenden converterse en plenos propietarios, e piden a supresión dos foros ou, como mínimo, a súa redención.
- A redención de foros farase paseniñamente e de forma maioritaria durante a ditadura de Primo de Ribera (1926).

